

Educación consiste en axudar a nenos e nenas a conseguir autonomía, aprender a adoptar decisións, actuar responsablemente ...

Aprender a ser responsable non é sinxelo, como tampouco é fácil educar na responsabilidade. Supón un proceso longo baseado no esforzo e na constancia de adultos e de nenos.

Neste documento non pretendemos achegar solucións máxicas. Unicamente intentamos ofrecer algunhas suxestións para actuar.



Bibliografía para obter información

- Frost, L. (2009) Supernanny. Consejos prácticos y sensatos para educar a tus hijos. Ed. Planeta.
- Méndez, X.F.; Orgiles, M. e Espada, J.P. (2010) Como dar alas a tus hijos para que vuelen solos. Ed. Pirámide.



EDUCACIÓN NA RESPONSABILIDADE



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
CURSO 2011-12

**CEIP AGRO DO MUÍÑO
ORTOÑO-AMES-A CORUÑA**

Poderíamos defini-la responsabilidade como a capacidade de asumir as consecuencias das propias accións. É unha capacidade que se vai adquirindo por imitación e por aprobación social. Entre outros aspectos, co fomento da responsabilidade impulsamos o desenvolvemento da capacidade das persoas para afrontar e superar as dificultades. Esta capacidade vese favorecida pola responsabilización, porque con esta melloramos a autonomía e o uso de recursos propios, á vez que mantemos expectativas positivas sobre as posibilidades dos pequenos e fomentámo-lo seu esforzo.



Non é fácil determinar inequivocamente aquilo que se pode esixir a pequenos e pequenas. Con todo, a grandes trazos, poderíamos dicir que, por exemplo, en torno a 3 anos poden colaborar en tarefas como ordenar zapatos, regar plantas ou poñer e recoller na mesa algúns dos utensilios empregados nas comidas. En torno a 6 anos, poderían responsabilizarse de tarefas domésticas sinxelas (limpar algo, recolle-la mesa, buscar e ter a man cousas que necesita e que determinemos previamente ...). Arredor dos 8 anos, ademais das tarefas escolares, poden colaborar na preparación do almorzo, poden bañarse ou acudir soa ó autobús. Sobre os 12 anos poderían responsabilizarse de calquera das tarefas sinaladas, entre outras de características semellantes.

Á hora de afronta-la educación na responsabilidade, convén ter en conta algunhas consideracións:

- ☞ Acordar entre as persoas adultas o que se vai a esixir.
- ☞ Ter claras as responsabilidades de cada membro da familia e escribilas nun panel, (que facer como e cando).
- ☞ Ter en conta que non sempre poderán facer de forma totalmente correcta o que se encomenda.
- ☞ Transmitirlles que confiamos en que o van a facer ben.
- ☞ Explicarlle con claridade o que deben facer.
- ☞ Non facer por eles o que sexan capaces de facer por si mesmos.
 - ☞ Ir adecuando o grao de esixencia á medida que van crescendo.
 - ☞ Pode ser conveniente que nalgúns casos se ofrezca a posibilidade de elixir entre dúas opcións. Unha vez adoptada a decisión, deben asumi-lo risco de equivocarse, aprender a tolera-la frustración ante un posible fracaso e asumir posibles consecuencias.
 - ☞ Non permitir que abandonen o que comezaron.
 - ☞ Ás veces, máxime cando son máis pequenos, poden precisar axudas.
 - ☞ Podemos dividir en pasos aquelas tarefas que sexan máis complexas.
 - ☞ En caso de incumprimento, deben asumi-las consecuencias.
 - ☞ Destaca-lo positivo e indicarlle en que deben mellorar.

